



**ACTA Nº 5 DO TRIBUNAL DE SELCCIÓN DUNHA PRAZA DE
ADMINISTRATIVO ADSCRITO AO DEPARTAMENTO DE URBANISMO
DO CONCELLO DE OROSO, COMO FUNCIONARIO/A INTERINO/A ASÍ
COMO A CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO.**

Constitúese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) para proceder á valoración do segundo exercicio do procedemento de selección dunha praza de administrativo adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Orosa, como funcionario/a interino/a así como a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 732/2015 do 29/07/2015 (BOP nº 149 do 07/08/2015).

Reúñese o Tribunal de selección conforme á composición determinada mediante resolución de Alcaldía nº 853/2015 do 10 de setembro (BOP nº 179 do 18/09/2015) para proceder á valoración do segundo exercicio do procedemento de selección dunha praza de administrativo adscrito ao departamento de urbanismo do Concello de Orosa, como funcionario/a interino/a así como a creación dunha bolsa de emprego, todo isto de conformidade co previsto nas bases de selección aprobadas por resolución de Alcaldía nº 732/2015 do 29/07/2015 (BOP nº 149 do 07/08/2015),co obxecto de proceder á corrección da terceira proba realizada polos aspirantes o día 02/12/2015.

Data da sesión: 03/12/2015.

Hora de inicio: 14:00 horas.

Hora de finalización: 14:50 horas.

Asistentes:

- D. Manuel Suárez Bermúdez (Presidente).
 - D. Félix Manuel Carrasco del Pozo (1º vogal).
 - Dª. Yolanda García Fachal (2º vogal).
 - Dª. Ana María Liñares Castro (3º vogal).
 - D. Federico Suárez Cancelo (Secretario).

Reunido o Tribunal á data e hora anteditas, no Salón de Plenos do Concello de Oroso, en cumprimento do disposto nas Bases de Selección, procédese á corrección da terceira proba realizada o día 02/13/2015 co seguinte resultado:

Da lectura dos exercicios realizados polos diferentes aspirantes obsérvase polo Tribunal as seguintes conclusións:

Código 01: Na pregunta 1, refírese ao contido que debe ter a solicitude de licenza conforme ao previsto no artigo 70 da Lei 30/1992, e indica a posibilidade de que a mesma veña firmada por ambos pero non se refire á posibilidade de actuar un en

representación doutro e a eficacia xurídica da solicitude presentada conforme ao previsto no artigo 32 da Lei 30/92. Na pregunta 2 considera que é correcta a denegación da solicitude de licenza pero non sinala a posibilidade de requerir ao interesado para que subsane as deficiencias. Non sinala que o proxecto non pode estar asinado por un enxeñeiro técnico forestal. Na pregunta 3 sinala a posibilidade de obter a cesión de viais mediante expropiación cando estes teñen que ser cedidos obrigatoriamente e de xeito gratuito ao Concello polos solicitantes da licenza. Na pregunta 4 se redactan en liñas xerais ben os recursos áinda que non se cita que o acto pon fin á vía administrativa. A pregunta 5 está ben fundamentada. A pregunta 6 está ben en canto aos expedientes que deberían incoarse áinda que non se fai referencia ao feito de que xa tiñan trancorridos os 15 días fixados legalmente para poder iniciar as obras. Finalmente na pregunta 7 non se indica que as cuestiós de propiedade son cuestiós civís que non son competencia do Concello, polo que deberían dirimirse na xurisdición civil e que as certificacións catastrais non son acreditativas do dereito de propiedade.

Código 02: Na pregunta nº 1, indica correctamente a posibilidade de que se poida subsanar a solicitude presentada e a eficacia xurídica da falta de firma dun dos interesados conforme ao previsto no artigo 32 da Lei 30/1992. Na pregunta 2 indica correctamente a posibilidade de que ante os defectos observados se poida requerir a subsanación das deficiencias conforme ao previsto no artigo 71 da Lei 30/1992, aínda que non fai referencia a que o proxecto non pode estar asinado por un enxeñeiro técnico forestal. Na pregunta 3 indica o deber de cesión dos terreos para a regularización do viario e de urbanización que teñen os solicitantes da licenza. Na pregunta 4 se redacta en liñas xerais ben, se indica que é un acto que pon fin á vía administrativa aínda que se erra en canto á competencia para a resolución do recurso cando se trata de competencias delegadas. A pregunta 5 está ben fundamentada. A pregunta 6 está ben en canto aos expedientes que deberían incoarse aínda que non se fai referencia ao feito de que xa tiñan trancorridos os 15 días fixados legalmente para poder iniciar as obras. Finalmente na pregunta 7 non se indica que as cuestiós de propiedade son cuestiós civís que non son competencia do Concello, polo que deberían dirimirse na xurisdición civil e que as certificacións catastrais non son acreditativas do dereito de propiedade.

Polo que á vista do anterior o Tribunal de selección por unanimidade dos seus membros acorda outorgar as seguintes puntuacións:

CÓDIGO	PUNTUACIÓN
01	5
02	6,5

Seguidamente procédese a identificar o código asignado para a realización da proba con cada aspirante resultando que superan o segundo exercicio, considerando que segundo as bases de selección se establecía que sería necesario a lo menos acadar unha puntuación de 5, os seguintes aspirantes coa seguinte puntuación:



APELIDOS E NOME	PUNTUACIÓN
LIJÓ RODRIGUEZ BLANCA	5
VAZQUEZ PITA PABLO	6,5

O Tribunal por unanimidade dos seus membros aprova a antedita relación de aspirantes declarados como aptos.

Conforme ao previsto nas bases quinta e novena, convócase a todos/todas os/as aspirantes que superaron a terceira proba para a realización do cuarto o

Día: 14/12/2015

Hora: 17:00 horas.

Lugar: Aula de informática do Concello de Orosó
(Servizos Sociais,Rúa do Deporte, 7)

Non sendo outro o obxecto da sesión levántase á mesma á hora anteriormente indicada de todo o cal se da fe, asinando os membros do Tribunal.

O Presidente:

Manuel Suárez Bermúdez.

1º Vogal

Félix M. Carrasco del Pozo.

2° Vogal.

Yolanda García Fachal,

3º Vogal.

Ana María Liñares Castro.

Q Secretario.

Federico Suárez Cancelo

